

Tarefa 1.1

Reflexión sobre a Problemática Socioambiental Global e Local e o Noso Papel Profesional

Criterios de avaliación

Aplicaranse os criterios de avaliación reflectidos na táboa de observación e na lista de cotexo correspondente.

A avaliación basearase nos seguintes criterios:

- Informe escrito (30%): Calidade da investigación, profundidade na descrición dos problemas globais e locais, e calidade das fontes utilizadas.
- Reflexión persoal (20%): Capacidade crítica na reflexión sobre o impacto dos problemas ambientais e o papel do profesional na súa mitigación.
- Presentación grupal (30%): Claridade, precisión e creatividade na presentación dos temas e solucións propostas.
- Participación na discusión (20%): Capacidade de xerar un diálogo construtivo e achegar ideas.

Se non se cumpren as condicións de formato de entrega o traballo darase como suspenso.

Documentos a entregar

O exercicio realizarase en grupos, segundo o agrupamento realizado na aula e terá dúas partes:

- ✓ Unha parte documental na que debes de reflectir os puntos anteriores.
- ✓ Unha parte expositiva, na que, nunha data previamente consensuada entre os membros da aula deberedes de expoñer o voso traballo ao resto da clase.

Formato e data de entrega

- Arquivo PDF.
- Máximo 10 páxinas e mínimo 3, en formato Times NewnRoman 12, interliñado 1,5 liñas, espaciado anterior e posterior 0 e sangría en primeira liña 1,25. Na portada ten que figurar o título do documento, nome do autor ou autora, nome do ciclo formativo e o código e nome do módulo, a portada non se inclúe no número de páxinas.

- Ten que ter un índice de contidos; os apartados principais teñen que ser de estilo Título 1 (numerados) e os subapartados en título 2 e consecutivos.
- O documento ten que ter un encabezamento onde figure o título e as autoras ou autores do mesmo.
- Agás a portada, todas as páxina teñen que estar numeradas.
- A data límite de entrega desta actividade será a que figura na aula virtual do curso ás 24.00 horas.
- Entregarase na aula virtual do curso.

Enunciado

Contexto

Os problemas ambientais, como o cambio climático, a contaminación, a perda de biodiversidade e a escaseza de recursos naturais, son desafíos urxentes a nivel mundial. Non obstante, os seus efectos e a maneira en que se manifestan non son uniformes: a súa afectación varía significativamente entre países e rexións. É fundamental entender que, mentres son retos globais, cada comunidade afronta os seus propios problemas específicos e debe atopar solucións adaptadas ao seu contexto local.

Como estudantes de formación profesional, é vital que desenvolvedes unha comprensión profunda destas problemáticas no ámbito global e local. Esta tarefa busca fomentar a vosa reflexión crítica sobre como estes problemas impactan na sociedade e como o voso futuro profesional pode contribuír a atopar solucións sustentables.

Obxectivo

Fomentar a reflexión crítica sobre os problemas ambientais globais e locais, promovendo unha análise sobre como estes problemas impactan na sociedade e como cada estudante, dende o seu futuro profesional, pode contribuír á solución de ditos problemas a nivel global e local.

Tarefa de Investigación

Cada grupo debe investigar cales son os principais problemas a nivel global e cales son os principais a nivel local. A investigación debe abordar os seguintes puntos, centrándose na súa dimensión social, económica e medio ambiental:

— Descrición Global do Problema: Que é o problema? Cales son as súas causas e

consecuencias a nivel mundial?

- Descrición Local do Problema: Como se manifesta este problema na vosa cidade, comunidade ou rexión? Que características locais (xeográficas, económicas, sociais) agravan ou mitigan o problema?

Impacto Social e Económico:

- ✓ Como afecta este problema á sociedade e á economía a nivel global e local?
- ✓ Que sectores (p. ex., sanidade, agricultura, industria, etc) están máis comprometidos ou son máis vulnerables?

Medidas Globais e Locais:

- ✓ Que iniciativas están tomando as organizacións internacionais, gobernos e comunidades locais para abordar este problema?
- ✓ Como se relacionan estas iniciativas?

Solucións Innovadoras:

- ✓ Que solucións específicas a nivel local poderían implementarse para mitigar o problema?
- ✓ Que se está facendo noutras partes do mundo que podería ser replicado a nivel local?